



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE MOVEMENTO POLA PAZ O DESARME E A LIBERDADE, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE ACOLLIDA DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL NOS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO NA COMUNIDADE DE GALICIA E QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE IRREGULARIDADE SOBREVIDA, NO EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade citada o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2021, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xullo do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración consistirá en levar a cabo as medidas que son continuidade e peche dos itinerarios que se levan traballando nesta entidade con cada persoa en situación de vulnerabilidade.

A actuación da entidade que suscriben o convenio está orientado en dúas liñas:
-xestión de axudas económicas de necesidades básicas e aloxamento de emerxencia para aqueles caso de maior vulnerabilidade.





Serán destinatarias do programa as persoas que dentro dos concellos de Santiago de Compostela e Teo, da nosa comunidade autónoma, foron beneficiarias do Programa de Acollda de Protección Internacional e quedan en situación de irregularidade sobrevida.

Que existe converxencia de intereses entre a entidade asinante para a consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A concesión directa da axuda prevista neste convenio de colaboración xustifícase porque a entidade Movemento pola Paz-MPDL, desenvolve itinerarios personalizados de integración con cada unha das familias e/ou persoas solicitantes de protección, nos referidos concellos, cunha intervención coordinada entre o grupo de profesionais que establece o sistema de protección, para atender ás necesidades específicas das persoas acolldas, nomeadamente no tocante ao acceso a atención médica, escolarización de menores, asistencia xurídica, busca e seguemento de vivenda e proceso de formación e busca de emprego.

A atención ás persoas solicitantes de protección internacional conleva un traballo de coordinación continuada coas administracións públicas, tanto a nivel local de servizos sociais, como a nivel autonómico, en particular para sanidade, educación e emprego.

Con cada unha das Administracións locais das zonas onde se ubican os dispositivos de de acollda existe unha comunicación a nivel dos responsables das Concellerías de Servizos Sociais, e tamén a nivel de intervención técnica, coas xefas de servizo de Servizos Sociais e as funcionarias encargadas da atención directa.





O Movemento pola Paz dispón de 40 prazas de acollida en primeira fase, situadas nos concellos de Santiago de Compostela e Teo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de cumprir o preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

